

INSTRUCCIÓN XERENCIAL SOBRE COMUNICACIÓN DE EMBARAZO E LACTACIÓN MATERNA

O artigo 22 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, modificada pola Lei 54/2003 de Reforma do Marco Normativo da Prevención do Riscos Laborais e pola Lei 39/1999 para Promover a Conciliación da Vida Familiar e Laboral das persoas traballadoras, obriga á Administración Universitaria a garantir a estas persoas ao seu servizo, a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.


Máis concretamente o artigo 26: *Protección da maternidade*, establece que a avaliación dos riscos para a seguranza e a saúde das persoas traballadoras deberá comprender a determinación da natureza, o grao e a duración da exposición das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das traballadoras ou do feto, en calquera actividade susceptible de presentar un risco específico.

A actividade de vixilancia da saúde lévase a cabo por persoal dos servizos de prevención da UDC, segundo establece o artigo 37 do Real decreto 39/1999 polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

Por todo isto, para que o citado persoal poida exercer as súas funcións de maneira eficaz, infórmase da conveniencia de que as traballadoras que ocupen postos de traballo en que os resultados da avaliación revelasen un risco para a súa seguranza e a súa saúde ou unha posible repercusión sobre o embarazo ou a lactación, comuniquen ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC se están afectadas por unha situación de embarazo ou de lactación materna, utilizando o modelo elaborado para os efectos.

A Coruña, 07 de setembro de 2010

A xerente,



María Jesús Grela Barreiro